



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

XDO. DO SOCIAL N. 5 REFORZO VIGO

SENTENCIA: 00233/2017

Rúa Lalín 4-2º 36209 Vigo
Tlf: 886.218.424

NIG: 36057 44 4 2016 0005090
Modelo: N02700

PO PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0001021 /2016

Sobre: ORDINARIO

DEMANDANTE/S: A.A., B.B.

GRADUADO/A SOCIAL: MARIA JOSE COELLO CASADO

DEMANDADO/S: CONCELLO DE VIGO

AVOGADO/A: LETRADO AYUNTAMIENTO

SENTENZA n° 233/17

Vigo, 15 de maio do 2017.

Visto e oído por min, Alejandro Couselo Barrio, Maxistrado Xuíz en función de apoio ó Xulgado n° 5 de Vigo, o procedemento n° 1021/2016 deste xulgado, cuxo obxecto o constitúe unha pretensión de reclamación de cantidades por realización de funcións de superior categoría, pronuncio a presente sentenza.

Foron partes no procedemento:

1.- Demandantes: A.A. e B.B.
, que compareceron no procedemento no seu propio nome e interese, defendidos pola Graduada Social Dona María José Coello.

2.- Demandado: Concello de Vigo, que compareceu no procedemento no seu propio nome e interese, defendido polo Letrado do Concello de Vigo Don Pablo Olmos.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O día 29 de novembro do 2016 a parte demandante presentou demanda no Decanato dos Xulgados do Partido Xudicial de Vigo. Na mesma a demandante, logo de alegar os feitos e fundamentos de dereito que tivo a ben, solicitou que se ditara sentenza na que se estimara o dereito dos demandantes a recoñecerlles a retribución salarial correspondente ó Grupo C1 e a facerlle pagamento das cantidades de 1506,76 euros para Don B.B. e a de 1456,30 para Don

A.A. correspondentes ás diferenzas salariais dende abril do 2015 a marzo do 2016, mais a parte correspondente á paga de nadal do 2014.

SEGUNDO.- Admitida a trámite a demanda, os demandantes presentaron ampliación solicitando cada un deles a diferenza correspondente á paga extra de xuño do 2016, 384,46 euros e 166,32 euros cada un por diferenzas no complemento de destino. Sinalouse para os actos de conciliación e xuízo o día 12 de maio do 2017, data na que tiveron lugar e ós que compareceu a parte demandante, quen se ratificou nas alegacións e pretensións que constan na demanda. A parte demandada solicitou que se desestimara a demanda polas razóns que constan na acta do xuízo. A parte demandante solicitou a práctica das probas de interrogatorio de parte, documental e declaración de testemuñas, da que lle foi admitida a proba documental; a parte demandada solicitou a práctica da proba de documental, proba que foi admitidas.

No trámite das conclusións, as partes mantiveron o contido das súas respectivas alegacións.

TERCEIRO.- O presente procedemento foi tramitado consonte as normas aplicables.

FEITOS PROBADOS

PRIMEIRO.- A parte demandante, Don B.B., con DNI nº 00.000.000-B, ven prestando os seus servizos para o Concello de Vigo como persoal laboral fixo cunha antigüidade do 1 de agosto do 1982, coa categoría profesional de XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX. Don B.B. percibe un salario bruto, incluído o rateo das pagas extras, de 2261,07 euros. O salario de Don B.B. estrutúrase do seguinte xeito: salario base, 599,25 euros; complemento específico, 766,04 euros; complemento de destino, 394,79 euros; antigüidade C2, 179 euros.

A parte demandante, Don A.A., con DNI nº 00.000.000-A, ven prestando os seus servizos para o Concello de Vigo como persoal laboral fixo cunha antigüidade do 10 de xaneiro do 1983, coa categoría profesional de XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX. Don A.A. percibe un salario bruto, incluído o rateo das pagas extras, de 2261,07 euros. O salario de Don A.A. estrutúrase do seguinte xeito: salario base, 599,25 euros; complemento específico, 766,04 euros; complemento de destino, 394,79 euros; antigüidade C2, 179 euros (feitos non controvertidos).

SEGUNDO.- Don B.B. e Don A.A. tiñan no período no que reclaman as diferenzas salariais a categoría persoal de XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX, grupo de



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTIZIA

titulación C2, consonte ó Cadro de persoal, Presupostario e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (feitos non controvertidos).

TERCEIRO.- No ano 2010 o Concello de Vigo transformou os postos de Inspectores, entre eles os de XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX, grupo de titulación C2, desenvolvidos polos demandantes, en postos de Inspectores de Medio Ambiente, grupo de titulación C1 (feitos probados da sentenza firme ditada no seo do procedemento nº 301/2015 do Xulgado do Social nº 1 de Vigo).

CUARTO.- Os demandantes, alomenos dende o 9 de febreiro do 1996 están adscritos ó posto de traballo de XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX, posto que continuaron a realizar logo da transformación referida no ordinal anterior e nos que continuaron no período do que reclaman diferenzas salariais abril do 2015 a marzo do 2016 (feitos probados da sentenza firme ditada no seo do procedemento nº 301/2015 do Xulgado do Social nº 1 de Vigo, feitos non controvertidos)

QUINTO.- As diferenzas salariais entre a categoría do demandantes e a que corresponde a un XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX Grupo C1 ascenden a 204,87 euros brutos mensuais. A demandada non lle fixo pagamento ós demandantes das diferenzas salariais dos postos do grupo C2 e C1 dos meses de abril do 2015 a marzo do 2016, parte proporcional da paga extra de nadal do 2014 e parte proporcional. No mes de xaneiro do 2016 fóronlle pagados a cada un dos demandados a cantidade de 1.648,58 euros en concepto de complemento de produtividade do período que vai do 01/11/2014 ó 30/11/2015 (feitos non controvertidos, documentos nº 2,3 e 4 dos achegados pola demandada).

SEXTO.- A relación laboral se rexe polo Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Vigo.

SÉTIMO.- No mes de abril do 2016 ambos demandantes tomaron posesión na condición de funcionarios titulares como XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX, Grupo C1 do Concello de Vigo (feito non controvertido).

OITAVO.- Esgotouse a vía administrativa previa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Consonte o contido do artigo 97.2 da Lei Reguladora da Xurisdición Social, os anteriores feitos probados resultan do meu exame e valoración da proba que foi practicada no acto do xuízo, conforme ás regras da san e imparcial crítica, efectuada en relación con cada un dos medios de proba e,

fundamentalmente, da proba documental achegada por ambas partes.

Compre termos en conta que do contido da demanda e da contestación se desprende que as partes non fixeron cuestión verbo da existencia da relación laboral, categoría persoal dos demandantes, posto de traballo que efectivamente desenvolven, o de XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX C1, que perciben o salario correspondente ó grupo C2 e da contía das diferenzas entre o salario que corresponde ó grupo C2 e o que corresponde ó grupo C1. Xa que logo, compre termos como probados estes feitos ó abeiro do contido do artigo 281.3º da Lei de Axuizamento civil, aplicable á xurisdición social neste punto.

SEGUNDO.- Do contido do artigo 39.3 do Estatuto dos Traballadores e do artigo 7 do Convenio Colectivo de aplicación se desprende que no caso de que un traballador da demandada realice funcións de superior categoría ten dereito a percibir as retribucións correspondentes ó tempo que desempeñe o devandito traballo de superior categoría.

Acadamos esta conclusión porque, malia a dicción literal do artigo 7 do Convenio Colectivo, último parágrafo, o certo é que a situación de ambos demandantes non parece ter encaixe nos supostos que prevé o artigo citado, que debe ser interpretado no seu conxunto. Da documental achegada e dos feitos non controvertidos despréndese que os demandantes non se achaban nas situacións contempladas nese artigo, senón que desenvolvían un posto de traballo que a demandante decidiu elevar de categoría. Non concorren, polo tanto, situacións de urxencia nin de cobertura de vacante.

Polo tanto, a conclusión que tiramos é que, dado que os demandantes ocupan o mesmo posto de traballo que ocupaban, posto ó que se lle reconece unha categoría superior, teñen dereito consonte o artigo 39.3 do Estatuto dos Traballadores a percibir as retribucións correspondentes ó posto.

TERCEIRO.- Na súa contestación á demanda a demandada alegou que non procedía, no caso de estimar a pretensión, a condena ás cantidades reclamadas porque a demandada lle fixo pagamento a cada un dos demandantes da cantidade de 1648,58 euros en concepto de produtividade, sendo o criterio de cálculo as diferenzas ó longo do devandito período entre as retribucións básicas do subgrupo C1 e o C2.

Malia a argumentación da demandada, compre termos en conta que o que reclaman os demandantes é a diferenza entre as retribucións básicas do subgrupo C1 e as retribucións básicas do subgrupo C2.

Por mais que o método de cálculo empregado pola demandada para determinar a cantidade que decidiu establecer como complemento de produtividade para os demandante foran as diferenzas entre



ambos grupos, o certo é que os demandantes tiñan dereito de seu a percibir estas diferenzas consonte ó contido do Convenio colectivo, e a demandada non practicou proba dabondo que acredite que o complemento de produtividade non retribuíra outra cousa que aquilo para o que está previsto. Xa a propia demandada no Acordo da Xunta Local de data 30 de decembro do 2015 indica que, para a aprobación do complemento, entende que, consonte ó contido da Lei 36/2014 de orzamentos Xerais do Estado para 2015 e o artigo 5º do Real Decreto 861/1986, o complemento de produtividade adícase a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinario ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo.

Por iso, os demandantes teñen dereito a percibir as diferenzas que reclaman polo mero feito de desenvolveren o posto de traballo que desenvolvían. Dado que a demandada non practicou proba do contrario, debemos entender que o complemento de produtividade, malia que empregara para o cálculo do mesmo como canon o criterio das diferenzas de salario entre ambos grupos, o que retribuíra era precisamente o especial rendemento, actividade e adicación extraordinario ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, porque, e insistimos que non se proba, se o Concello estivera recorrendo ó complemento de produtividade para remunerar as diferenzas en si, estaríamos diante dun emprego fraudulento do devandito complemento, emprego fraudulento que tería encaixe noutros eidos do ordenamento xurídico.

A conclusión que tiramos, ante a falta de proba, é que o Concello decidiu premiar a produtividade dos demandantes empregando un criterio obxectivo, como podía ter empregado outro, que foi o das devanditas diferenzas, pero os demandantes teñen dereito a percibir as diferenzas e o complemento que se lles aprobou.

Dado que a demandada só discutiu as cantidades reclamadas no que atinxe ó aspecto que vimos de tratar nos parágrafos anteriores e non probou que fixera pagamento das diferenzas reclamadas, compre estimarmos totalmente a demanda e a súa ampliación, e condenarmos á demandada a que lle faga pagamento a Don B.B. da cantidade de 2057,54 euros e a Don A.A. da de 2007,08 euros.

Dado que as cantidades constitúen salario, a demandada deberá facer pagamento dos xuros que correspondan consonte a lexislación administrativa, ó non serlle de aplicación o artigo 29.3 do Estatuto dos Traballadores.

CUARTO.- Contra a presente resolución non cabe interpor recurso de suplicación á vista da contía anual da pretensión (tal como establece o artigo 192.3 da Lei Reguladora da Xurisdición Social á vista da contía no cómputo anual das diferenzas

salariais entre ambos postos de traballo), do que se advertirá ás partes.

DAQUELA

XULGO

ESTIMO totalmente a demanda presentada por Don B.B. e Don A.A. contra o Concello de Vigo.

CONDENO ó Concello de Vigo a facerlle pagamento a cada Don B.B. da cantidade de 2057,54 euros e a Don A.A. da de 2007,08 euros, en ambos casos cos xuros que correspondan consonte á lexislación administrativa.

Notifíquese a presente resolución ás partes facéndolles saber que é firme e que contra a mesma non cabe recurso.

Emítase testemuño desta resolución para a súa unión ao procedemento do que trae causa e lévese o orixinal ao Libro de Sentenzas deste Xulgado.

Así por esta miña sentenza o pronuncio, mando e asino.